

**REUNIÓN DA COMISIÓN NON
PERMANENTE DE ESTUDO PARA A
IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS
MULLERES**

Día: 01.03.2017

Hora: 16:00

A Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de marzo de 2017, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1. Elección da presidencia da Comisión.
- Punto 2. Documento elaborado pola Ponencia en relación co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Vicepresidenta da Comisión

María Dolores Toja Suárez

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/02/2017 17:34:45

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Vicepresidenta

María Dolores Toja Suárez

S

Secretaria

Olalla Rodil Fernández

BNG

Vogais

Marcos Cal Ogando

EM

María Ángeles García Míguez

P

María Luisa Pierres López

S

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

Reunión da Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para
os Dereitos das Mulleres

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Elección da presidencia da Comisión.

Reunión da Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para
os Dereitos das Mulleres

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. Documento elaborado pola Ponencia en relación co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

POR UN PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

ÍNDICE DO DOCUMENTO

INTRODUCCIÓN

ANTECEDENTES: ACORDO PLENARIO

LEXISLACION ESTATAL E AUTONÓMICA DE GALICIA

PROPOSTAS DE MEDIDAS

1. Obxecto
2. Prevención
3. Principios xerais, coordinación (anexo 2)
4. Formación (persoal administración)
5. Educación (curriculum escolar)
6. Mellora dos medios e recursos de xustiza
 - 6.1. persoal (en formación e recursos)
 - 6.2. mecanismos
 - 6.3. espazo físico nos xulgados
7. Sanidade
8. Medios de comunicación (prevención)
9. Fomento do movemento asociativo (anexo 4)
10. Accións específicas no medio rural (comunicación)
11. Recursos
 - De avaliación
 - Habitacionais
 - Para a inserción social
 - Persoais

INTRODUCCIÓN

A violencia de xénero é un asunto de estado, que afecta á sociedade na súa totalidade, polo que previr e poñer fin á violencia exercida contra as mulleres é un obxectivo prioritario e irrenunciabile.

A Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e, a Lei 11/2007 galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, obtiveron no seu día o CONSENSO XERAL DE TODAS AS FORZAS POLÍTICAS.

Estas Leis marcaron un antes e un despois na concepción do que é a violencia de xénero, xa que ambas recoñecen que estamos ante o símbolo máis brutal da desigualdade existente na sociedade.

É necesario manter o espírito de unidade e de consenso e avanzar cara un gran pacto que nos una para acabar coa violencia machista.

Erradicar a violencia de xénero é unha tarefa na que non podemos permitirmos retroceder e, para o Parlamento galego é unha prioridade e un deber de xustiza coas vítimas e as súas familias

É necesario lanzar unha mensaxe política rotunda. É imprescindible un gran acordo entre partidos políticos, institucións e sociedade civil que exprese o sentir conxunto do Estado, para finalizar con esta barbarie que ataca a convivencia cidadá e asasina a xente inocente.

-Debemos garantir a xestión pública dos servizos de fomento de igualdade e atención psicolóxica, xurídica, social e de emprego a mulleres violentadas e menores expostos a violencia de xénero. Especialmente, debemos recuperar a xestión pública en todas as Comunidades Autónomas dos centros de igualdade e atención a mulleres violentadas.

ANTECEDENTES: ACORDO PLENARIO

O 25 de xaneiro de 2017 o Parlamento de Galicia, na súa sesión plenaria, aproba o seguinte texto consecuencia dunha moción:

“O Parlamento de Galicia acorda constituír unha ponencia dentro da Comisión Non Permanente de Estudo para a igualdade e para os Dereitos das Mulleres coa finalidade de:

1- Promover un Pacto galego contra a violencia de xénero que como mínimo inclúa as seguintes medidas:

a) O incremento dos recursos económicos destinados á prevención e á asistencia das vítimas da violencia de xénero e das súas fillas e fillos.

b) O estudo da modificación da Lei Galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incluír na mesma o concepto de feminicidio.

c) A mellora dos medios e recursos da xustiza, concretada:

- Na dotación dos recursos necesarios para mellorar os medios xudiciais en materia de violencia contra as mulleres.

- Na garantía de existencia, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, de mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos.

- Na garantía de formación especializada en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluíndo médicos/as forenses e equipos psicosociais.

- Na aplicación dun protocolo forense de valoración do nivel de risco para os casos de violencia de xénero nas unidade de valoración forense.

d) O desenvolvemento durante o 2017 das medidas de coeducación previstas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia. 5

e) Intensificar as medidas de prevención da violencia de xénero coas seguintes actuacións:

- Posta en marcha, de xeito periódico, de campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral e específicas para a mocidade, que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero e que informen dos medios e recursos a disposición das mulleres que se atopen en situación de violencia de xénero. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos.

- Aplicar o artigo 15 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero relativo a formación da totalidade das e dos profesionais.

f) A aplicación do artigo 25 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria. E en relación cos programas de atención psicolóxica:

- Promoción dos cambios legais necesarios para que as mulleres en situación de violencia de xénero non teñan que informar ao outro proxenitor da decisión de que a/o menor inicien un tratamento psicolóxico coa finalidade de abordar o impacto psicolóxico sufrido por presenciar violencia de xénero.
- Ampliación da atención psicolóxica aos homes menores de idade con problemas de conduta.

g) A elaboración, en colaboración coa FEGAMP e os concellos, de protocolos de prevención e atención a situación de violencia machista naquelas entidades locais que non dispoñan do mesmo ou que precisen da súa actualización por parte de persoal cualificado.

h) A promoción da avaliación, externa e independente por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, do cumprimento e do impacto en Galicia da lei galega e da lei estatal contra a violencia de xénero, así como das medidas necesarias para mellorar a eficacia das políticas públicas para acabar coa violencia de xénero que será remitida ao Parlamento de Galicia.

i) A promoción, tanto en medios públicos como privados, do cumprimento dos principios establecidos na Declaración de Compostela, procurando a responsabilidade e implicación dos medios de comunicación social no combate á violencia machista e evitando o morbo e sensacionalismo no tratamento informativo da violencia machista.

k) O establecemento de medidas para evitar a vitimización secundaria das mulleres en situación de violencia de xénero e articulación de medidas que salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen á súa disposición ás diferentes administracións públicas.

2- A elaboración dun documento de consenso de todos os grupos políticos con representación na cámara, co obxectivo de elevar unha posición única e conxunta, á xuntanza da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas de Senado, que se acordou convocar na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, co fin de incorporar as achegas da Comunidade Autónoma de Galicia aos traballos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero”.

LEXISLACION ESTATAL E AUTONÓMICA DE GALICIA

O desenvolvemento normativo en materia de loita contra a violencia de xénero supón un avance neste eido; así, no ámbito estatal aprobouse a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros, a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do código penal, ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

O Congreso dos Deputados aprobouna por UNANIMIDADE de todos os grupos parlamentarios o 22 de decembro de 2004.

Que supuxo?

A normativa situou a España na vangarda internacional e sacou maltrato da esfera privada.

Declaracións das persoas relatoras que participaron na súa redacción:

“Esta Ley supuso una auténtica revolución. España fue pionera con esta ley en Europa. Ha sido una de las leyes más importantes de los últimos años y en Europa se ha tomado como modelo estable”, destaca el carácter integral de esta Ley Orgánica, con medidas que abarcan desde la sanidad y la educación hasta el ámbito procesal, penal y judicial”.

Julio Villarubia, ponente por el Grupo Socialista

"La Ley fue un paso adelante por lo que tuvo de consenso y de vanguardia. Un consenso reflejado en el Parlamento y una muestra de vanguardia que ponía una piedra más en la construcción de la lucha contra la violencia ejercida sobre la mujer a manos de sus parejas o ex parejas"

Susana Camarero, ponente por el Grupo Popular

“La Ley Integral permitió dar visibilidad a un problema que hasta entonces, se valoraba y se tenía en cuenta en el ámbito privado con esa lógica de que entre marido y mujer nadie se debe meter". "Pasó a ser considerado un problema social y un problema de igualdad, basado en la asimetría entre el hombre y la mujer, generando poco a poco un rechazo de esta forma de violencia en la sociedad. Esta fue la gran aportación“

Esperanza Esteve, ponente por el Grupo Socialista

“Supuso la consagración definitiva de que abordar la erradicación de la violencia de género era una prioridad y era una cuestión pública, un deber del Estado, y nunca más un tema de orden privado entre la pareja".

Mercè Pigem, ponente por CiU

“La ley es clarísimamente un referente en otros países”. “Mirando a casa, es una ley que marcó un antes y un después en la concepción de qué es violencia de género y por tanto un elemento fundamental para luchar contra ella, no sólo por la vía de la acción judicial y punitiva sino en acción por la prevención y la educación”.

Uxúe Barcos, ponente por Nafarroa Bai

O OBXECTIVO DESTA LEI

Actuar contra a violencia sobre as mulleres por parte de quen sexa ou fosen os seus cónxuxes ou estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.

Dobre finalidade:

- Establecer medidas para previr, sancionar e erradicar a violencia de xénero.
- Ampliar os dereitos e a cobertura asistencial ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Define violencia de xénero como todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación da liberdade.

Recoñece o dereito á asistencia social integral no artigo 19: “as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional”.

Así mesmo, esta Lei enumera os seguintes dereitos subxectivos das mulleres que sofren situacións de violencia de xénero:

- Dereito a ser informadas e asesoradas.
- Dereito a asistencia social integral a través de Servizos Sociais.
- Dereito a asistencia xurídica e, nos casos nos que se acredite insuficiencia de recursos esta será gratuíta.
- Dereitos laborais e prestacións da seguridade social.
- Dereitos económicos ás persoas afectadas pola violencia de xénero con escasos recursos.

Agrava as penas por lesións e castiga como delito as coaccións e ameazas leves.

Crea diferentes órganos:

- Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller.

- Xulgados de Violencia contra a Muller.
- Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller

É importante lembrar a modificación da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero para incluír os menores como vítimas da violencia de xénero .

Inclusión dos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero no artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, co obxecto de visibilizar esta forma de violencia que se pode exercer sobre eles. Tamén se amplían as situacións obxecto de protección nas que os menores poden atoparse a cargo da muller vítima de violencia de xénero, ao incluír o acollemento, a tutela, curatela ou garda de feito.

É importante lembrar tamén a aprobación en 2015 das seguintes leis:

Lei 4/2015 do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito:

Na que as vítimas de violencia de xénero ven ampliada a súa asistencia e protección con este catálogo xeral de dereitos, procesuais e extraprocusais, da vítima. Ademais, esta Lei remite ao disposto na lexislación especial respecto a vítimas con especiais necesidades ou con especial vulnerabilidade, como as vítimas de violencia de xénero en virtude da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

A Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia

Melloran a atención e a protección dos fillos e as fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como das menores vítimas doutras formas de violencia, en particular, de trátaa de ser humanos.

O máis relevante en relación cos menores é a Inclusión dos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero no artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, co obxecto de visibilizar esta forma de violencia que se pode exercer sobre eles.

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA

Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, que conta co precedente da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, onde se dedicaron a este problema os artigos 19 e 20, que conteñen previsións xerais sobre as medidas precisas para a erradicación da violencia contra as mulleres, así como algunhas actuacións xudiciais.

É importante resaltar que esta lei aprobouse co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia da violencia de xénero na nosa sociedade.

O pasado ano se modificou a nosa Lei que se publicou no DOG do 26 de xullo de 2016, LEI 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Introduce dúas importantes modificacións:

1. Inclúese como forma de violencia trátaa de mulleres e nenas con fins de explotación sexual

2. Garántese por Lei que o prazo para solicitar as axudas económicas periódicas para mulleres vítimas da violencia de xénero estará aberto todo o ano.

Destacamos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dous aspectos fundamentais, que son:

1. A definición das formas de violencia que se recollen na nosa Lei

2. A acreditación de muller vítimas de violencia de xénero.

Artigo 3.-Formas de violencia de xénero¹.

Para os efectos desta lei, considéranse formas de violencia de xénero, fundamentalmente, as seguintes:

a) Violencia física, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

b) Violencia psicolóxica, que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

¹ LEY ORGÁNICA 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.

La violencia de género a que se refiere la presente Ley comprende todo acto de violencia física y psicológica, incluidas las agresiones a la libertad sexual, las amenazas, las coacciones o la privación arbitraria de libertad

c) Violencia económica, que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.

d) Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

e) Acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.

f) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual

g) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

Artigo 5.-Acreditación da situación de violencia de xénero.²

Para os efectos desta lei, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.

c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.

e) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

² LEY ORGÁNICA 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.

Acreditación de las situaciones de violencia de género ejercida sobre las trabajadoras.

Las situaciones de violencia que dan lugar al reconocimiento de los derechos regulados en este capítulo se acreditarán con la orden de protección a favor de la víctima.

Excepcionalmente, será título de acreditación de esta situación, el informe del Ministerio Fiscal que indique la existencia de indicios de que la demandante es víctima de violencia de género hasta tanto se dicte la orden de protección.

g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

1. Modificar os seguintes aspectos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero:

a) Debemos instar a que se modifique o Artigo 1. tomándoo como base o artigo 1 da Lei 11/2007, do 27 de Xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, pero ampliándoo como a seguir se propón:

Artigo 1. Obxecto da lei

1. Constitúe o obxecto desta lei a erradicación da violencia machista e a remoción de todas as estruturas sociais e o estereotipos culturais que a perpetúan, co fin de que se garanta plenamente o dereito inalienable de todas as mulleres a desenvolver a súa propia vida sen interferencia das formas e ámbitos nas que esta violencia poida manifestarse. Estableceranse medidas integrais e transversais sobre a prevención, detección e sensibilización sobre esta violencia, ca fin de erradicala da sociedade, e dar ás mulleres que a sofren asistencia, recuperación, protección e reparación integral.

As referencias a mulleres enténdese que inclúen ás nenas e adolescentes, salvo indicación doutro xeito.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por violencia machista calquera acto, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual, psicolóxico, e económico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

b) Incluír na Lei Orgánica 1/2004 a violencia sexual, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, así como a violencia machista contra as mulleres, sen relación de parella.

c) Ampliar as formas de acreditación da condición de vítima de violencia de xénero previstas na Lei orgánica 1/2004, e asimilalas ao previsto no artigo 5 da Lei galega 11/2007, establecendo se é preciso, límites temporais claros e axustados ás condicións das vítimas.

d) Instar a inclusión na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de Decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, algún apartado que vaia na liña do artigo 4 da Lei Galega 11/2007 do 27 de Xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Así mesmo cumprir canto antes co artigo 10 do Convenio de Istambul.

2. Prevención

Que se Active de forma permanente o Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia de xénero, que leve a cabo accións orientadas a fomentar a detección precoz de situacións de violencia de xénero.

- Crear canles que melloren a información ao entorno das mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero, incidindo na importancia do apoio, detección e prevención por parte da familia e amizades.

- Impulsar programas de detección e prevención precoz entre os servizos sanitarios de atención primaria e os servizos sociais comunitarios.

3. Principios xerais, coordinación.

a) Principios xerais que deben orientar o contido das normas de violencia de xénero:

1. Consideración da violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na prevención da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

2. Carácter integral. A presente lei ten un carácter integral, implicando de forma coordinada ás diferentes instancias e administracións que teñen un papel destacado na prevención e tratamento da violencia de xénero. As medidas previstas teñen en conta a totalidade de danos que as mulleres sofren como consecuencia da violencia de xénero, asegurando un acceso rápido, transparente e eficaz aos servizos e recursos.

3. Perspectiva de xénero. Na totalidade das actuacións previstas na presente lei aplicarase a perspectiva de xénero, baseada na análise dos roles de xénero tradicionalmente impostos, que sitúan á violencia como un mecanismo de control cara á muller.

4. Vitimización secundaria. Todas as accións que as administracións públicas realicen contra a violencia de xénero evitarán a vitimización secundaria das mulleres e non reproducirán ou perpetuarán os estereotipos sobre as mulleres e a violencia de xénero, debendo garantir a especialización dos colectivos profesionais que interveñen no proceso. As administracións públicas procurarán en todo momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica a través dos recursos adecuados.

5. O establecemento de medidas para evitar a vitimización secundaria das mulleres en situación de violencia de xénero e articulación de medidas que salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen á súa disposición ás diferentes administracións públicas.

6. Cooperación e coordinación. Os poderes públicos galegos intensificarán as accións para a cooperación e coordinación interinstitucional dos recursos e instrumentos contra a violencia de xénero, promovendo a colaboración e a participación das asociacións de mulleres, así como das entidades e organizacións da sociedade civil.

Os concellos como administración máis próxima á cidadanía participarán no desenvolvemento da presente lei, habilitándose por parte da administración galega os recursos necesarios a tal fin.

7. Impulsar e favorecer a posta en marcha do itinerario único, poñendo en práctica a experiencia galega das mesas locais de coordinación contra a violencia de xénero, na que se inclúe a presenza de todos os axentes sociais implicados na atención as vítimas da violencia de xénero.

8. Mellorar a coordinación entre todas as instancias implicadas.

-Axilizar os trámites administrativos relacionados cos casos de violencia de xénero.

-Crear ferramentas que permitan o intercambio de información en liña e de forma actualizada e automatizada, entre as diferentes áreas que interveñen no proceso.

-Incidir na transmisión do coñecemento e formación creando redes de intercambio entre o persoal profesional.

-Primar a coordinación, comunicación e relación entre servizos sociais (especialmente o CIM) e forzas e corpos de seguridade e entre estas e a area xurídica.

9. Equidade territorial. No desenvolvemento da rede de recursos e servizos de prevención, atención, apoio, tratamento e protección da violencia de xénero terase en conta a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o seu acceso á totalidade das mulleres, especialmente ás que viven no ámbito rural.

b) Estambul

-Cumpra e amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da Lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CETFDCM (CEDAW) e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou. (GPS d)

-Intensificar o cumprimento do Convenio de Estambul , primeiro tratado europeo contra a violencia de xénero, incluíndo como violencia de xénero a violencia sexual, a explotación sexual, a violencia psicolóxica, a mutilación xenital feminina e o acoso sexual e por razón de sexo, e establecer estándares mínimos de prevención, protección, persecución penal e servizos de atención.

c) fillas e fillos. Modificar a normativa nos aspectos seguintes:

- Consideración das nais de fillos asasinados polos pais como vítimas de violencia de xénero.
- Consideración de axudas para as nenas e nenos que perden as nais, ou nais e pais, que vaian máis alá das pensións de orfandade, pola súa consideración especial de vítimas da violencia de xénero.
- Ampliación da atención psicolóxica aos nenos menores de idade con problemas de conduta, contando sempre coa autorización previa ou presenza dos proxenitores.
- Posta en marcha dun Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.
- Privación ao agresor da patria potestade como pena principal nos casos de homicidio e/ou asasinato machista.
- Facer efectiva a condición dos y das menores vítimas DIRECTAS da violencia de xénero prevista na Lei 1/2004 (modificación do ano 2015), e aplicar as medidas legais de protección no relativo á suspensión do réxime de visitas para os pais maltratadores.

- Prohibición da atribución ao agresor condenado por violencia machista da garda e custodia exclusiva ou compartida.
- Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o dereito a asistencia social integral que a Lei prevé para os e as menores vítimas da violencia de xénero (fillos e fillas), permitindo o acceso aos programas e recursos de asistencia e atención coa autorización da nai ou persoa que ostente custodia, sen precisarse en ningún caso o consentimento do pai maltratador.
- Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir equiparar ás restantes pensións de orfandade, as dos e das menores orfos, fillos de mulleres asasinadas por violencia de xénero, aínda no caso de que as súas nais non foran cotizantes á Seguridade Social (alta ou situación asimilada, e carencia).

d) prohibicións

- Ningún maltratador poderá obter beneficio ou lucro (público ou privado) en razón das súas vítimas.
- Garantir que ningún condenado por violencia contra as mulleres acceda ou se manteña en cargo público.
- Garantir que ningún condenado por violencia contra as mulleres acceda ou se manteña en postos de voluntariado que impliquen prestación de servizos públicos á comunidade.

e) Código Penal

- Acordar que aos delitos de violencia de xénero con resultado de morte lles será sempre aplicable a máxima pena privativa de liberdade recollida no Código Penal.
- Cumprimento integro das penas por violencia de xénero, no podendo ser substituídas por servizos á comunidade

f) outros

- Garantir o mantemento da rede de atención directa ás vítimas de violencia machista en todos os niveis territoriais e apoiar o seu financiamento.
- Desligar as axudas sociais e calquera outra medida de apoio e atención a mulleres en situación de violencia machista da obriga de ter presentado denuncia como xa ten avanzado Galiza na súa lexislación propia

4. Formación

- a) Garantizar a formación especializada e integral en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluíndo médicos/as forenses, equipos psicosociais, maxistrados e avogados.
- b) Dotar de recursos materiais e humanos suficientes neste ámbito, nomeadamente nas unidades especializadas como a Unidade de Atención á Familia e as Mulleres (UAFM)

que permitan garantir a protección efectiva das mulleres en situación de violencia machista que contan con medidas xudiciais cautelares e ordes de afastamento.

c) Aplicar o artigo 15 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero relativo a formación da totalidade das e dos profesionais.

d) Desenvolver programas de sensibilización e formación orientados a profesionais que interveñen na atención e intervención con mulleres que sofren violencia de xénero.

-Incidir na formación especializada das e dos profesionais que interveñen nesta materia non só no relativo a súa profesión, senón en igualdade, violencia de xénero e na consideración dos e das menores como vítimas (afondando nas secuelas e recomendacións existentes). Fomentar a perspectiva de xénero para mellorar a xestión de todos os recursos.

-Fomentar a empatía, proactividade e a escoita activa entre as e os profesionais que atenden e acollen ás mulleres que sofren situacións de violencia de xénero.

-Trasladar a repercusión que ten a actitude e tratamento dos e das profesionais sobre a muller que sofre violencia de xénero (no proceso de toma de decisión, na súa seguridade, na revictimización).

-Insistir na importancia tanto no apoio como no acompañamento emocional, por parte do persoal profesional.

-Incidir na importancia do asesoramento e información (pasos a seguir) que deben transmitir os e as profesionais dos servizos que interveñen na loita contra a violencia de xénero

e) Valorar a introdución da materia de igualdade e prevención contra as violencias machistas nos temarios das oposicións do persoal da Función Pública. Esta esixencia deberá ser maior para os ámbitos de intervención, categorías e profesionais directamente implicados.

f) No relativo a formación para o acceso á función pública propomos:

-Impulsar a formación e educación en igualdade para nenos e nenas.

-Trasladar novos modelos de referencia entorno á forma en que se relacionan mulleres e homes.

-Incidir na necesidade de modificar actitudes estereotipadas, machistas e sexistas que dan lugar á normalización e relativización da problemática existente.

-Fomentar a autoestima, seguridade e autocontrol entre a poboación infantil e adolescente.

-Achegar casos reais así como as consecuencias dos mesmos.

5. Educación.

No futuro Pacto de Estado pola Educación, incluír a presenza de materias e plans que traballen de forma transversal a Igualdade de xénero e a loita contra a violencia machista.

A importancia da escola como espazo de socialización e transformación social para avanzar cara unha sociedade libre de violencias machistas ven recollida na propia Lei Lei orgánica 1/2004 de 28 de Decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero no artigo 4, pero non é suficiente e propomos modificalo como segue.

Introducir contidos obrigatorios en materia de igualdade, prevención e detección das violencias machistas nos plans de formación para o corpo docente. (Cumprir artigo 7 da Lei orgánica 1/2004 de 28 de Decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero).

Introducir contidos específicos de igualdade en todas as materias así como en todos os cursos académicos de xeito que de verdade poidamos considerar o ensino da igualdade como unha cuestión transversal. Adaptaranse os contidos a cada etapa educativa incluíndo bloques específicos de educación afectivo-sexual, igualdade e prevención da violencia de xénero.

Incorporar ao currículo a formación específica en igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

Promover a sensibilización e formación en coeducación das familias a través das administracións educativas e as asociación de nais e pais e do alumnado.

Promover a edición de materiais escolares, así como contos, xogos e xoguetes non sexistas.

Establecer un recoñecemento anual de boas prácticas escolares en igualdade que se recollan nun catálogo público.

Desenvolver conxuntamente coas persoas profesionais e expertas protocolos de detección das violencias machistas nos institutos de secundaria, bacharelato e formación profesional.

6. Mellora dos medios e recursos da xustiza e da seguridade

6.1. Mecanismos

a) Atención aos fillos/fillas e outras persoas dependentes:

-Primar a protección dos menores.

-Os servizos sociais e os propios Xulgados de violencia de xénero deberían ofrecerlle e informar ás mulleres con persoas a cargo, un servizo de atención a persoas dependentes e menores.

-Atención xurídica para os menores orfos de nai, gratuitamente.

-Establecemento de recursos específicos para menores e avaliación de todos e todas as menores vítimas de violencia para a valoración da necesidade ou non dunha terapia específica posterior.

b) Dereito á asistencia lingüística:

A información sobre o dereito a entender e ser entendida debe ser proporcionada previamente á interposición da denuncia e debe acompañar todo o proceso, coa tradución de documentos e a intervención de intérpretes cando sexa necesario.

c) Acompañamento e asistencia das forzas policiais:

-Facilitar a creación de redes de apoio de acompañamento en todos os ámbitos.

-Poñer en marcha, nos xulgados especializados en violencia de xénero, o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia ata o final do proceso.

-No xuízo rápido será obrigatorio que as forzas policiais acompañen ás mulleres na recollida de aveños persoais na casa na que convivían co agresor. No momento de poñer a denuncia, as forzas de seguridade deben informar de que as mulleres poden ser asistidas por un ou unha avogada de oficio da quenda específica en Violencia de Xénero, para garantir a correcta redacción da denuncia.

-Mellorar a posibilidade de desprazamento das mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero para acudir aos servizos.

- Facilitar os traslados entre servizos especialmente no entorno rural.
- Promover alternativas de desprazamento que garantan que todas as mulleres podan acceder aos servizos.
- Realizar as modificacións legislativas precisas para garantir a obriga de asistencia letrada (avogado ou avogada) ás vítimas da violencia de xénero no momento da presentación da denuncia.

-Fomentar a figura de acompañante para todo o proceso, tanto para a muller como para o entorno.

- Designar a un ou unha profesional que acompañe á muller que sofre violencia de xénero dende que se coñece a súa situación ata que remata o procedemento, co fin de darlle todo o apoio emocional e información que precise.
- Garantir o acompañamento e protección da muller fronte á familia do presunto agresor unha vez que remata o proceso de denuncia.
- Posibilidade de que as mulleres estean apoiadas por psicólogos ou psicólogas especializados, na sede xudicial.

d) Protocolo para a atención da vítima de violencia de xénero:

-Para o establecemento de medidas para evitar a vitimización secundaria das mulleres en situación de violencia de xénero e articulación de medidas que salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen á súa disposición ás diferentes administracións públicas.

-Debería establecerse un protocolo que indique acceso a todos os servizos pero non en condición de vítima.

-No establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero

-Revisión do sistema viogen para detectar posibles erros na súa aplicación incluíndo a posibilidade de incorporar novos items na valoración policial de risco.

A aplicación dun protocolo forense de valoración do nivel de risco para os casos de violencia de xénero nas unidades de valoración forense.

Que se estableza un nivel de risco a partir do cal sexa obrigatoria a colocación de dispositivos de xeolocalización.

A elaboración, en colaboración coa FEGAMP e os concellos, de protocolos de prevención e atención a situación de violencia machista naquelas entidades locais que non dispoñan do mesmo ou que precisen da súa actualización por parte de persoal cualificado. Formación continua especializada as e os profesionais (CCFFSS) que realizan valoracións de risco a través del Sistema de Seguimento integral dos casos de violencia de xénero. Seguimento continuado dos casos activos no sistema polas Unidades contra a violencia sobre a muller das Subdelegacións e Delegacións do goberno.

6.2. O espazo físico dos xulgados

- Estudo da ampliación da planta xudicial para disponibilizar xulgados específicos de violencia machista onde aínda non os hai. Valoración dunha posíbel comarcalización deste servizo para atender de maneira acaída a realidade demográfica galega.

-Garantir a existencia, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, de mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos.

- Empregar sempre o biombo ou medidas de protección da muller nas salas de vista evitando que as mulleres teñan que solicitalo previamente mediante fax ou a través da oficina da vítima.

-Habilitar espazos apropiados para a atención, recepción das persoas que sofren violencia de xénero (mulleres, menores, familiares etc)

- En dependencias policiais establecer espazos que permitan atender e tomar declaración ás mulleres que sufriron ou sofren violencia de xénero, garantindo a súa intimidade e sensación de seguridade.

- No eido xudicial crear espazos separados destinados á espera; de forma que a muller e o seu entorno non coincida coa persoa agresora.

- Diseñar espazos especialmente orientados á protección dos/as menores

7. Ámbito sanitario.

-Propoñer a homoxeneización das normativas autonómicas co fin de que incorporen o que se recolle nos artigos 25, 26 e 27 da Lei galega 11/2017 para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

-Considerar a resposta sanitaria ante a violencia machista unha prioridade do Sistema Nacional de Saúde, e, en consecuencia, asignar os medios materiais e humanos precisos para cumprir os compromisos derivados da entrada en vigor da Lei integral.

-Poñer en marcha procedementos de coordinación entre profesionais sanitarios e outras instancias ante a detección de casos de violencia machista.

8. Medios de Comunicación.

A lei orgánica 1/2004 recoñece a importancia que posúen os medios de comunicación neste eido.

Malia isto, tanto no tratamento mediático dos casos de violencia machista, coma na imaxe das mulleres en xeral nos medios de comunicación e na publicidade, segue a evidenciarse un tratamento sexista da maioría da información deste tipo, o que axuda a perpetuar prexuizos.

Cómpre instar dende as administracións aos medios de comunicación para que fagan un tratamento adecuado das noticias sobre a violencia machista, visibilizándoa e evitando o sensacionalismo morboso e a linguaxe e imaxes sexistas e garantindo que nos contidos e programas dos medios de comunicación non se "xustifique ou banalice" sobre calquera das formas de violencia contra as mulleres.

Promover, tanto en medios públicos como privados, o cumprimento dos principios establecidos nas guías e recomendacións para o tratamento informativo da violencia machista, procurando a responsabilidade e implicación dos medios de comunicación social no combate á violencia machista e evitando o morbo e sensacionalismo no tratamento informativo da violencia machista.

Promover o cumprimento dos artigos referidos á publicidade e comunicación comercial ilícita recollidos na actual Lei Orgánica 1/2004 prevendo a incorporación de sancións que obriguen a unha mudanza real rematando co uso do corpo das mulleres e a súa hipersexualización así como roles e estereotipos sexistas como reclamo. Así mesmo, as sancións punirán a reincidencia.

Poñer en marcha, de xeito periódico, campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral e específicas para a mocidade, que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia contra as mulleres e que informen dos medios e recursos a disposición das que se atopan en situación de violencia de xénero. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares,

educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos. (Evitar campañas xeneralistas, pola constatación da súa ineficacia..)

Asegurar o recoñecemento que merecen as vítimas, así como o apoio ás súas familias e entorno e elaborar un protocolo de resposta pública e política (fundamentalmente das persoas con acceso aos medios de comunicación) cada vez que se produza un asasinato machista.

Fomentar a adopción de acordos de autorregulación, corregulación e directrices profesionais efectivas, encamiñadas a erradicar a transmisión de estereotipos discriminatorios, así como lograr que desde os medios de comunicación, da publicidade da industria audiovisual, se contribúa á correcta sensibilización cara a violencia contra as mulleres.

Mellorar o deseño e contido das accións de sensibilización entorno á violencia de xénero:

- Trasladar a sociedade a responsabilidade que ten nesta lacra social.
- Crear programas e accións de sensibilización que acheguen a cidadanía casos reais, que sexan máis directas e capaces de xerar un maior impacto social.
- Insistir na necesidade de xerar unha resposta inmediata de intolerancia ante calquera tipo de actitude violenta, controladora ou machista.
- Achegar á poboación os indicios de sospeita á hora de identificar a existencia de violencia xénero.

9. Fomento do movemento asociativo.

Incorporar a Lei orgánica 1/2004 de 28 de Decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, cas modificacións correspondentes un artigo que vaia na liña do artigo 7 da Lei galega do 27 de Xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Hai que sinalar que algunha entidade social ve limitada a súa actividade dada a utilización dunha definición de violencia de xénero demasiado limitada.

10. Accións específicas Medio Rural.

Temos que lembrar que a lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle nos seus principios xerais (art.4) a equidade territorial e a garantía de que as mulleres de zona rural teñan unha protección como as mulleres de zonas urbanas. E tamén recolle no artigo 6-Deseño, elaboración e difusión de campañas o seguinte:

“Deseñaranse campañas específicas que teñan en conta as circunstancias que dificultan ás mulleres do ámbito rural o acceso á información, e colaborarán no desenvolvemento delas coas asociacións de mulleres rurais.” Este esforzo que hai que facer no rural debe trasladarse á Lei orgánica 1/2004.

11. Avaliación

Incluír mecanismos de avaliación externa independente do cumprimento e do impacto das normas contra a violencia de xénero e mecanismos de análise da satisfacción.

- Engadir sistemas e ferramentas (áxiles e anónimos) que permitan analizar o grao de satisfacción das mulleres que sofren violencia de xénero con respecto aos servizos aos que acoden (tanto da atención recibida por parte do persoal, como valoración dos recursos, eficiencia do servizo prestado, temporalización etc).
- Establecer un sistema (áxil, rápido e anónimo) que facilite formalizar unha queixa ou suxestión en calquera dos servizos que interveñen ao longo do proceso
- Análise e avaliación dos resultados acadados nas diferentes áreas e servizos que interveñen na atención a mulleres que sofren violencia de xénero.
- Valoración interna por parte do persoal profesional entre as diferentes áreas.

12. Recursos

Recursos habitacionais

Garantir o acceso inmediato a vivendas de protección pública ás mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas con escaso recursos económicos

Recursos para a inserción social

Deseñar programas que favorezan a inserción laboral das mulleres que sofren violencia de xénero.

O Goberno galego no ano 2016, elaborou o Programa de Inserción Laboral dirixido a mulleres en situación de violencia de xénero, e no que Galicia foi a primeira comunidade en facer unha convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento destes programas.

Con este programa se ten en conta:

- Fomentar a coordinación entre áreas sobre os recursos existentes para mellorar a empregabilidade da mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero.
- Deseñar medidas que permitan a corresponsabilidade e conciliación entre mulleres que sofren violencia de xénero e que non teñen apoio no entorno familiar.

Recursos económicos

a) Incrementar os recursos económicos destinados á prevención e á asistencia das vítimas da violencia de xénero e das súas fillas e fillos e persoas dependentes o seu cargo.

b) Estipular un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo a rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e Centros de información a Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia, sinaladamente incrementando os fondos destinados no plan concertado co obxectivo de garantir o marco da igualdade.

c) Mellora no procedemento das axudas económicas destinadas a mulleres e menores que sofren violencia de xénero. Recomendando que no pacto de estado se regulen as posibles compatibilidades de axuda cun criterio que unifique a todas as comunidades autónomas.

d) O Goberno galego modificou o pasado ano 2016 a Lei Galega da violencia de xénero (Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero) , na que se garantiza por Lei que o prazo para solicitar as axudas económicas periódicas para mulleres vítimas da violencia de xénero estará aberto todo o ano e, a vez que se inclúe ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual como beneficiarias de ditas axudas.

Esta modificación ten como consecuencia:

- Posibilidade de acceder a axudas económicas con independencia da existencia dunha convocatoria.
- Reducir o tempo de recepción das axudas solicitadas.
- Contrarrestar as consecuencias económicas unha vez interposta a denuncia.

Recursos persoais

Impulsar a creación nas diferentes áreas dun corpo especializado na loita contra a violencia de xénero.

- Mellorar a profesionalización do persoal sanitario, avogados e avogadas, xuíces e xuízas, forzas e corpos de seguridade, para garantir a proximidade, escoita activa e empatía en todos os niveis de intervención
- Incrementar o persoal da Administración local e modificar a súa situación laboral.
- Fomentar a estabilidade e permanencia do persoal dos servizos sociais especializados
- Flexibilizar e ampliar os horarios de atención e establecer gardas e servizos de urxencia na área social e no eido local.
- Mellorar os recursos das oficinas de valoración integral.
- Ampliar a estrutura de recursos humanos dispoñibles.

Paula Prado del Río

Paula Quinteiro Araujo

María Luisa Pierres López

Olalla Rodil Fernández